

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



PILAR DEL CARMEN SABORIDO DÍAZ, SECRETARIA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO

CERTIFICO: Que o Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 06/05/2025 acordou:

EXPEDIENTE INCLUÍDO FÓRA DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO ORGANISMO AUTÓNOMO “XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO, EXERCICIO 2024”. EXPTE. 17681/407.

Votación da urxencia:

Apróbase por maioría dos asistentes; 2 abstencións: 1 voto do PP: Sra. Sánchez Méndez e 1 voto do BNG: Sr. Pérez Igrexas, e 7 votos a favor do PSOE: Sres. Caride Estévez, Rodríguez Rodríguez, Iglesias López, Fernández Pérez, Mejías Sacaluga, Aneiros Pereira e Iglesias González.

A seguir entrase no fondo do asunto.

Antecedentes:

A vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo emite a seguinte proposta:

“Unha vez formada a Conta Xeral deste Organismo Autónomo, correspondente ao exercicio 2024, a efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, proponse ao Consello da Xerencia (competente de acordo co previsto no artigo 11.1.h) dos vixentes Estatutos), a adopción do seguinte acordo:

Propoñer ao Pleno da Corporación a aprobación da Conta Xeral do Organismo Autónomo “Xerencia Municipal de Urbanismo”, correspondente ao exercicio 2024, integrada -conforme coas determinacións da Orden HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local- polos seguintes documentos:

- a) BALANCE.
- b) CONTA RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL.
- c) ESTADO DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO.
- d) ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO.
- e) ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO.
- f) MEMORIA.

Unha vez tomada en consideración, remitir a mesma para a súa tramitación xuntamente coa da entidade para a súa aprobación polo Pleno da Corporación.”

Votación:

EN CONTRA: 2 votos: 1 voto do PP: Sra. Sánchez Méndez e 1 voto do BNG: Sr. Pérez Igrexas.

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



ABSTENCIÓNS: Ningún voto.

A FAVOR: 7 votos do PSOE: Sres. Caride Estévez, Rodríguez Rodríguez, Iglesias López, Fernández Pérez, Mejías Sacaluga, Aneiros Pereira e Iglesias González.

Acordo:

O Consello, por maioría, dictamina favorablemente o presente informe e propón remitir a Conta Xeral do Organismo Autónomo ao Pleno para a súa aprobación.

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe da Sra. vicepresidenta da Xerencia de Urbanismo, coa salvedade indicada no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (RD.2568/1986), en Vigo no día da sinatura dixital.
tr/

Vº e Pº.

A vicepresidenta da XMU
María José Caride Estévez